



GRUPO PROVINCIAL

G-32014003

xosebaltar@bng.gal

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte: **MOCIÓN EN DEFENSA DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E DOS PRODUCTORES LOCAIS DE OURENSE E DE GALIZA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todas somos conscientes do efecto demoledor que provoca ver unha rúa convertida nunha sucesión de persianas pechadas e de locais baleiros e, pola contra, o efecto positivo no económico e no social, de ter un comercio local vivo e dinámico.

Fomentar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza, de humanizar as cidades e impedir a desertización das nosas vilas. Polo que potenciar a nosa economía local e dar saída á produción galega adquire un carácter estratéxico nunha realidade e nun contexto

económico e social coma o de Galiza, en xeral, e o da provincia de Ourense, en particular.

No contexto da Pandemia da Covid-19, do Estado de alarma, da corentena, dos confinamentos e dos peches perimetrais; as limitacións de mobilidade e acceso a determinados productos modificou hábitos nas compras e na alimentación. Poñendo en evidencia a dependencia dun modo de produción e de cadeas distribución a gran escala desde zonas moi alonxadas. Obrigando a tendas e supermercados a tirar de produtores locais. Eso sí, desde o descoñecemento e ofrecéndolle, en non poucas ocasións, precios non moi acordes ao valor dos seus productos.

A necesidade de mercados de proximidade e produtores locais e da súa importancia púxose de relevo entre a nosa veciñanza, sendo máis conscientes dos beneficios que supón adquirir alimentos e outro tipo de mercadorías en tendas que traballan con provedores de zonas próximas, pois repercuten nos aspectos sociais, medioambientais e económicos da contorna.

Non basta, entón, con ter un comercio de proximidade, aínda sendo esto importante, é preciso contar cunha produción local forte: gandeiros, agricultores, artesáns etc que poidan manter a súa actividade e non perdan colleitas ou a súa produción pola dificultade para vendelos nas cadeas de supermercados e tendas de mercados locais. Ou que estes queden desabastecidos de productos KM0 pola falta de coñecemento dos

productos que se producen e/ou elaboran á súa porta. Pois en algúns casos, o descoñecemento dos nosos produtores máis próximos déixaos nunha clara desvantaxe ante grandes superficies e provedores moito máis visibles.

Fomentar o consumo de produto local en mercados de proximidade garante xerar tecido productivo, pois o local favorece a economía. Xera emprego no territorio, ofrece alternativas de consumo, distribúe a riqueza entre máis actores e pode ofrecer prezos competitivos, ao mercar produtos locais favorécese o prezo final, especialmente en relación coa calidade, xa que foron necesarias menos horas de transporte, non pasaron semanas en cámaras frigoríficas e supuxo menos gasto loxístico para chegar ó punto de venda. Por non mencionar que o gasto en combustibles fósiles é inmensamente menor e a contribución medioambiental a nivel mundial é indiscutíbel.

Este tecido económico, desde a produción local aos comercios máis próximos para o seu consumo crea comunidades máis fortes e resilientes, diminuindo a competencia e a dependencia do exterior, favorece unha sociedade máis autosuficiente e menos dependente do comercio globalizado. De feito e pese a última crise financeira que se levou por diante 3.500 comercios na Galiza, este sector do comercio local representa o 13% do emprego e o 14% do PIB.

Este carácter estratéxico das cadeas de produción, distribución e comercialización, esixe das institucións públicas galegas tomar medidas concretas, desde as de carácter nacional como a Xunta de Galiza até as de carácter local como os concellos ou nomeadamente esta Deputación provincial, que dotándoas de recursos suficientes teñan en conta a crise xerada pola pandemia e tamén os retos aos que se teñen que enfrontar os pequenos e medianos produtores e comerciantes ante vellas realidades e novos hábitos.

As políticas económicas e fiscais regresivas provocaron unha grave crise na demanda, ao que hai que acrecentar as medidas de liberalización comercial que se teñen aprobado en Madrid e que o Goberno de Feijóo asume e aplica.

Esta situación levou a un grave desequilibrio no sector comercial, con saturación na oferta pola acelerada expansión de grandes superficies, que ameazan a supervivencia do comercio local.

Tampouco é posible darlle as costas a unha realidade que está aquí, e que aumentou durante o confinamento, como é a compra on-line, pero tampouco é preciso someterse ás normas que fixa unha multinacional á que nada lle importa a viabilidade dunha tenda de barrio. Sen ter reparos en moitos casos en atentar contra as liberdades sindicais e na práctica sen apenas pagar impostos e taxas no País coa conseguinte competencia desleal cara os locais.

A aposta das institucións públicas debe ser pola sustentabilidade, polo próximo, polo local porque tamén é a mellor maneira de contribuír todos e todas neste momento de crise apoiando un comercio de gran calidade.

ACORDOS

1. A Deputación de Ourense elaborará un censo dos produtores locais de cada un dos concellos da provincia.
2. A Deputación de Ourense co obxectivo de fomentar o coñecemento dos nosos produtores daralle a difusión precisa entre a veciñanza e os comercios locais favorecendo as sinerxias entre os mesmos. Fomentando o tecido productivo e comercial local, polos medios que se consideren oportunos.
3. Instar á Xunta de Galiza a crear axudas directas e incrementar as existentes con cargo aos orzamentos da mesma para o comercio de proximidade e os talleres e empresas de artesanía.
4. Grandes superficies:

1. A Deputación de Ourense comprométese a desincentivar a instalación de grandes superficies na provincia de Ourense e insta á Xunta de Galiza a oporse á instalación das mesmas no resto do País.

2. Instar á xunta de Galiza á creación dun novo imposto ás grandes superficies, cuxa recadación se destine a axudar ao comercio de proximidade e pequenos produtores locais.

5. Instar á Xunta de Galiza a crear unha nova lei de comercio que poña fin á liberalización promovida polo PP. Pactada co sector e que recolla as súas demandas en materia de horarios, apertura de festivos ou para fixar o período de rebaixas, cuestións todas elas que teñen un importante impacto no éxito ou fracaso do comercio local.

6. Instar ó Goberno do Estado a pór en marcha un modelo de impostos xustos e equitativos para as grandes empresas que operan no comercio online, de xeito que fagan un esforzo fiscal cando menos igual ao que soportan o comercio e produtores locais.

Ourense, 3 de decembro de 2020

Asdo: Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE